



DIAGNÓSTICO

Situación da infancia no Concello de Burela

2023

Jaime Méndez (Director da Casa da Xuventude)
Noelia Legaspi (Educadora Familiar)

ÍNDICE

1. Introducción.....	2
2. Descripción da situación da infancia e da adolescencia.....	3
3. Valoración e conclusións.....	9
Anexos: ANALÍSES DAFO COMPLETOS.....	11

1. INTRODUCCIÓN:

Este diagnóstico realizouse para comezar o proceso de redacción e deseño do I Plan Local de Infancia e Adolescencia do Concello de Burela.

O proceso para a elaboración do dito diagnóstico baseouse na recollida de información e datos cuantitativos acerca da poboación do municipio, dos recursos e servizos existentes e dalgunhas características socioeconómicas. Ademais, realizouse unha labor de recollida de información participativa a través da Mesa de Conexión coa Infancia e coa Adolescencia formada por persoal técnico municipal das diferentes áreas e departamentos que se reuniu en varias ocasións e realizaron análises DAFO de cada servizo. Contamos tamén coa axuda do Grupo de Participación Adolescente creado en 2021 que aportou a súa análise DAFO acerca da súa percepción da situación da infancia neste municipio.

2. DESCRICIÓN DA SITUACIÓN DA INFANCIA E DA ADOLESCENCIA:

O Concello de Burela é un municipio situado na Mariña central que abarca unha extensión de 8,2 km cadrados.

En canto á poboación, en Burela hai empadroadas un total de 9473 persoas, das cales 4703 son mulleres e 4770 son homes; menores de 18 anos hai un total de 2208 persoas das cales 1456 son mulleres e 752 son homes.

En Burela residen persoas de 42 nacionalidades diferentes. As comunidades de persoas estranxeiras en Burela máis numerosas son:

- Cabo Verde: 413 persoas, das cales 199 son mulleres e 214 son homes.
- Indonesia: 226 persoas, das cales 5 son mulleres e 221 son homes.
- Portugal: 134 persoas, das cales, 52 son mulleres e 82 son homes.
- Senegal: 111 persoas, das cales 22 son mulleres e 89 son homes.
- Perú: 109 persoas, das cales 58 son mulleres e 51 son homes.

Hai un total de 166 nenos e nenas nacidas fóra de España (26 nalgún país da Unión Europea e 140 fóra da U.E.)

Recursos e servizos cos que se contan:

- Concello de Burela:

- Servizos Sociais Municipais: 2 Traballadoras Sociais e 1 Educadora Familiar.
- Programa de Integración de Inmigrantes: 1 Psicóloga
- Centro de Información á Muller: 1 directora, unha Psicóloga e 1 avogada
- Casa da Xuventude: director.
- Área de Deportes: técnico deportivo.
- Unidade de Atención Temperá: Psicóloga, Pedagoga, Logopeda e Fisioterapeuta.
- Unidade Asistencial de Drogodependencias: Directora-Psicóloga, Traballadora Social, Psicóloga Clínica, Médico, DUE, Auxiliar Clínica-técnica de laboratorio, auxiliar administrativa.
- Aula de medio ambiente GAIA
- Casa da Cultura
- Biblioteca
- Centro de Formación Ocupacional

- Escola Municipal de Música
- Fundación Eu Son: entidade sen ánimo de lucro que atende a persoas con discapacidade intelectual e conta con Centro Ocupacional e Centro de Día.

- Instalacións deportivas municipais:

- Pavillón Vista Alegre
- Pavillón dos Institutos
- Pavillón dos Castros
- Estadio de Fútbol A Marosa
- Campo de herba artificial A Marosa
- Pistas de Tenis A Marosa
- Pista de Pádel A Marosa

O uso das seguintes instalacións é libre:

- Pista Exterior de Baloncesto do Parque
- Ruta Circular de sendeirismo
- Pista de skate parque hospital

- Recursos de saúde:

- ✓ Hospital da Mariña
- ✓ Centro de Saúde
- ✓ Unidade de Saúde Mental

- Recursos educativos:

- Escola Infantil a Galiña Azul de Burela
- Escola Infantil “Os Castros” de Burela
- CEIP Virxe do Carme
- CEIP Vista Alegre

- IES Perdouro
- IES Monte Castelo

- Recursos de Emprego:

- Oficina SEPE
- Orientadora Laboral

- Entidades Sociais:

- Cruz Vermella
- Cáritas
- Centro San Aníbal:

- Centro de Día

- Centro de Menores

- Centro de Inclusión Social María Nazarena

- Asociacionismo:

- x 9 Asociacións de carácter xeral
- x 6 asociacións de ámbitos sociais
- x 13 asociacións culturais
- x 13 asociacións deportivas.

- Espazos públicos para a poboación infantil:

- ◆ 3 parques infantís.

- Espazos naturais:

- 6 praias
- Área recreativa do Monte Castelo
- Paseo marítimo
- Sendeiros, xeorutas, camiños naturais...

- Patrimonio cultural, artístico e etnográfico:

- ✓ Igrexas e capelas
- ✓ Xacementos, petróglifos, torques...

- Museo:

- ➔ Barco-Museo Boniteiro Reina del Carmen

- Transporte público:

- Estación de autobuses
- Estación de tren

SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS:

Os servizos sociais son o conxunto de servizos e actuacións orientados a mellorar o benestar social da cidadanía mediante a prestación de información, atención e apoio ás persoas e os colectivos vulnerables ou en situación de risco de exclusión. Na actualidade hai 33 unidades familiares perceptoras de Renta de Inclusión Social de Galicia (RISGA) 14 delas con fillos/as menores a cargo.

Educación Familiar é un servizo de prevención e apoio ás familias para favorecer o cumprimento das súas funcións e responsabilidades, o benestar e a participación social dos seus membros. No Servizo de Educación Familiar estamos atendendo actualmente a un total de 41 familias con 26 nenas e 45 nenos. De todos estes menores, teñen expediente aberto no sistema de protección de menores un total de 30 nenos, dos cales 7 son nenas e 23 son nenos; destes 16 están acudindo ao Centro de Día de Menores San Aníbal. Destes nenos e nenas un total de 9 teñen recoñecida unha discapacidade.

Número de familias perceptoras de alimentos no Concello de Burela: 44 familias (98 persoas usuarias, das cales 40 son mulleres, 22 son homes e 36 persoas menores de idade). En Cruz Vermella e na asociación BUMEI tamén fan repartos de alimentos a usuarios/as diferentes.

UNIDADE DE ATENCIÓN TEMPERÁ:

A Unidade de Atención Temperá ten como obxectivo apoiar ao desenvolvemento infantil e a inclusión sociofamiliar das nenas e nenos de 0 a 6 anos que o precisen, mediante intervencións preventivas e asistenciais. Durante o ano 2022 atenderon nesta unidade a un total de 120 nenos/as das cales 15 recibiron fisioterapia e 105 nenos e nenas acudiron aos servizos sociais da unidade (psicoloxía, pedagogía e logopedia), coa seguinte desagregación:

Nenas menores de 3 anos: 11

Nenas maiores de 3 anos: 22

Nenos menores de 3 anos: 17

Nenos maiores de 3 anos: 55

ATENCIÓN A PERSOAS INMIGRANTES:

O servizo de atención a inmigrantes prestou o servizo de mediación intercultural, a través da técnica responsable do programa e co apoio dun mediador durante algúns meses, a un total de 97 persoas (67 mulleres e 30 homes) durante os anos 2022 e 2023. A maiores, desde este servizo realízase atención directa a diario para atender a consultas varias e dar informacións sobre aspectos de diversos ámbitos. Ademais, durante este mesmo período contouse cunha avogada que realizou labores de asesoramento xurídico para persoas estranxeiras que atendeu a 19 persoas (11 mulleres e 11 homes).

O servizo de atención a inmigrantes organiza cursos de Reforzo Educativo dirixido a nenos e nenas de procedencia estranxeira para dar apoio escolar e reforzo no ámbito lingüístico. Durante o ano 2023 acudiron a estas actividades de reforzo educativo un total de 24 persoas pequenas, das cales 14 son nenos e 10 son nenas. Os países de orixe destes nenos e nenas participantes ou dos seus proxenitores son os seguintes: Cabo Verde, Senegal, Portugal, Marrocos, Cuba, Colombia e Ucraína.

Desde este servizo tamén se organizan cursos de aprendizaxe das linguas oficiais de Galicia para persoas adultas ás que acudiron durante o 2023 un total de 26 persoas das cales 21 son mulleres e 5 son homes. As procedencias destas persoas son: Cabo Verde, Senegal, Marrocos, Ucraína, Rusia, Paquistán, Indonesia e Nixeria.

ATENCIÓN ÁS MULLERES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE:

Desde o CIM atendéronse durante o 2022 a un total de 257 mulleres en situación de vulnerabilidade, das cales:

- 11 son menores de 25 anos
- De 25 a 54 anos son 169
- Maiores de 54 anos: 77 mulleres,
- Vítimas de violencia de xénero: 52 mulleres.
- Vítimas de explotación sexual e/ou laboral: 1
- Inmigrantes, emigrantes retornadas ou refuxiadas: 54
- Pertencentes a unha minoría étnica: 3

- Con diversidade funcional ou enfermidade Mental: 21
- Con responsabilidades familiares non compartidas: 12
- Pertencentes a núcleos familiares con ingresos inferiores a 2.5 veces o IPREM: 47
- Maiores ou viúvas: 38
- Sen titulación académica ou baixa cualificación 1
- Desempregadas menores de 30 ou maiores de 45: 9
- Inactivas ou desempregadas de longa duración: 17

OCIOTECA DE VERÁN:

Durante o verán, as monitoras da aula GAIA ofertan un servizo de Ocioteca para un total de 75 nenos e nenas, das cales 50 son para o grupo de nenos/as máis pequenos (Educación Infantil e 1º Ciclo de Educación Primaria) e 25 son para o grupo de nenos/as máis maiores (2º e 3º ciclo de primaria).

ACTIVIDADES DEPORTIVAS:

Desde a área municipal de Deportes, organízanse cada ano unha serie de actividades deportivas dirixidas á poboación infantil de Burela. Realízanse actividades diferentes e con horarios distintos durante o curso e durante o periodo estival, tendo no último ano a seguinte participación:

- Durante o curso escolar: 43 nenos/as
- No verán: 52 nenos/as

3. VALORACIÓN E CONCLUSIÓNS

Tendo en conta a información dos apartados anteriores, A Mesa Técnica de Conexión coa Infancia e coa Adolescencia e o Grupo de Participación Adolescente fixeron unha análise DAFO por separado e logo fíxose unha posta en común das ideas centrais que foron saíndo na dita análise. As principais conclusións ás que se chegaron foron:

DEBILIDADES

- Falta de recursos humanos, materiais e económicos,
- Ausencia de ademais de lugares ou centros destinados para a realización de actividades con xóvenes.
- Limitación de tempo e saturación dalgúns servizos municipais.
- Escasas actividades e pouca programación cultural para os/as rapaces/as adolescentes.

AMEAZAS

- Distanciamiento coa xente pequena e coa xente nova.
- Acceso desde idades moi temperás a material pornográfico (a veces como única fonte de educación sexual) con contidos onde a muller é un obxecto sexual.
- Racismo e falta de aceptación pola poboación autóctona que incide principalmente nas rapazas. Isto afecta á integración real e á participación na vida social do municipio.

FORTALEZAS

- Interdisciplinabilidade: vinculación entre diferentes institucións.
- Alta cualificación e especialización profesional
- Apoio de recursos externos e confianza nalgúns servizos.
- Boa calidade da oferta educativa.
- Servizos personalizados privilexiados para a detección de carencias (factores de risco).
- As actividades dos servizos son ben valoradas e habitualmente contan con moita participación.
- Moita poboación xoven, con ganas de facer cousas.
- Riqueza cultural grazas ás diferentes procedencias da poboación e o que poden aportar á sociedade burelá.
- Existencia dun CIM e duns servizos sociais implicados e coordinados entre si.

- Coincidencia dos intereses entre as concellerías do Concello de Burela, traballo coordinado/en rede cos demais profesionais e servizos do municipio.
- Traballo en equipo (servizos sociais, Atención áos/as inmigrantes, CIM...)
- Colaboración constante co Equipo Técnico del Menor e con outros servizos de Protección á infancia.
- Existencia do Protocolo para o “Bo Trato á Infancia”

OPORTUNIDADES

- Mellorar espazos urbáns e concienciar sobre o uso compartido do espazo público.
- Acercar os servizos do Concello aos xóvenes.
- Apoios institucionais.
- Participación en novas actividades formativas e/ou informativas a adolescentes, pais/nais/familias, axentes sociais...
- Contacto e colaboración con entidades do entorno.
- Oferta de factores de protección: tempo libre organizado, aficións diversas e positivas.
- Posibilidade de conseguir una mellor integración e igualdade de oportunidades.
- Posibilidade de tomar conciencia das debilidades, ameazas e fortalezas e transmitirlas ao resto da sociedade burelá.
- Diversidade sociocultural da infancia e xuventude de Burela.
- Municipio con recursos e servizos especializados de atención á infancia e á adolescencia.
- Grupo de Participación Local Adolescente creado e en funcionamento.
- Tecido asociativo activo e implicado

ANEXO:
ANÁLISES DAFO COMPLETAS



CONCELLO DE BURELA

MESA TÉCNICA PARA A CONEXIÓN COA INFANCIA E ADOLESCENCIA

XERAL

ANÁLISIS DAFO

Debilidades

- Falta de espazos para adolescentes (para reunións, encontros)
- Actividades bastante caras ás que non pode acceder toda a poboación.
- Ausencia de actividades de lecer nocturno saudables alternativas a entornos asociados co consumo de alcol e outros tóxicos.
- Falta de programas ou servizos de conciliación familiar.
- Escasez de técnicos/as dinamizadores.
- Horarios non axeitados dos locais municipais con potenciais para a reunión dos xóvenes (biblioteca, casa da xuventude)
- Poucas/ ningunha asociación xuveniles. Falta de motivación e unión entre a poboación adolescente. Dispersión dos grupos.
- Pouco gasto en infancia e xuventude.
- Escasa WIFI pública no entorno dos locais municipais.
- Pouca relación entre as diferentes asociacións deportivas.
- Servizos desaproveitados por falta de recursos.

Amenazas

- Moitas persoas de Burela pasan o seu tempo de lecer fóra do municipio sobre todo as fins de semana.
- Non se lle dá ao tempo libre a importancia que ten (pouca prioridade dentro das familias e na administración).
- Ocupación do tempo libre en redes sociais ou actividades individualizadas.
- Ocupación do tempo libre en actividades non dirixidas ou sedentarias que en ocasións acaban promovendo o consumo de sustancias tóxicas.
- Adultos polo xeral moi pouco concienciados coa importancia da participación infantil (incredulidade, pasotismo...) e iso trasmíteselles aos nenos/as.
- Desigualdades sociais entre os nenos/as do pobo.
- Falta de inversión en infraestruturas para os xóvenes.

Fortalezas

- Porcentaxe altísima de nenos/as e adolescentes.
- Moito tecido asociativo e cultural: radio, teatro, escola de Música, grupos de baile e música tradicionais...
- Grupo de participación adolescente en funcionamento.
- Recursos naturais: praia, campo, monte...
- Servizos municipais que se poden aproveitar (casa da xuventude, casa da cultura...)
- Tecido asociativo deportivo: escolas de fútbol, baloncesto, fútbol sala, patinaxe, ximnasia rítmica...
- Moitos/as nenos/as e adolescentes moi participativos.
- Existencia de moitas actividades na casa da cultura dirixidas á infancia.

Oportunidades

- Bo uso do tempo de lecer.
- Crianza dos/as nenos/as e adolescentes unidos e críticos.
- Paulatino cambio social.
- Dotación de recursos económicos por parte do concello.
- Mellor aproveitamento dos edificios públicos.
- Fomento do asociacionismo entre a xuventude.
- Presencia de Burela de moita poboación de diferentes orixes e culturas que poden enriquecer o municipio.
- A hostelería podería organizar actividades lúdicas para adolescentes.



CONCELLO DE BURELA

MESA TÉCNICA PARA A CONEXIÓN COA INFANCIA E ADOLESCENCIA

XERAL 2

ANÁLISIS DAFO

Debilidades

- Falta de coordinación entre os diferentes servizos.
- Falta de presuposto.
- Falta de planificación con anticipación (non hai previsión, todo se organiza a última hora).
- O deporte que se fai a través dos clubs pode ser caro.
- Non hai zonas verdes multideporte abertas.
- Falta de zonas peatonais.

Amenazas

- Cando hai algunha queixa óptase pola opción máis fácil que é anular a actividade/acción.
- Non se facilita ás persoas/asociacións que desenvolvan as súas ideas, se non que se poñen trabas.
- Trámites/burocracia demasiado lenta.
- Falta de integración sociocultural real.

Fortalezas

Oportunidades



CONCELLO DE BURELA

MESA TÉCNICA PARA A CONEXIÓN COA INFANCIA E ADOLESCENCIA

* Grupo de participación adolescente

ANÁLISIS DAFO

Debilidades

Falta de infraestructuras para o lecer xuvenil
Escasas actividades para adolescentes
Vía pública con malas condicións
Non se ten en conta á xuventude nas decisións que se toman no ámbito municipal.
Escaso uso e potenciación da Casa da Xuventude
Mala oferta para a mobilidade entre a comarca e Galicia en xeral.

Amenazas

Crecente deixadez, indiferencia e pasotismo da xuventude polo pobo e pola súa oferta cultural e de lecer.
A xuventude opta por marchar a outros lugares para realizar actividades de lecer e tempo libre.

Fortalezas

Diversidade e interculturalidade
Numerosa xuventude
Grupo de participación adolescente
Hospital
Boa calidade e oferta educativa
Escola de Música
Futbol e Futbol Sala
Boa distribución urbanística

Oportunidades

Deberíanse aproveitar espazos como o parque, a plaza da Mariña ou a Casa da Xuventude para crear/ ampliar a oferta de actividades de lecer xuvenil
Uso seguro daría para a xuventude e a poboación en xeral se se adecúan as condicións (carril bici, zonas peatonais) sobre todo no centro do pobo
Actividades que favorezan a integración e potencien a diversidade de maneira positiva.
Facer que Grupo de Participación Adolescente sexa un elemento clave e estable na xuventude do concello.
Convertir a Casa da Xuventude nun lugar de referencia para os/as adolescentes.



CONCELLO DE BURELA

MESA TÉCNICA PARA A CONEXIÓN COA INFANCIA E ADOLESCENCIA

* Servizos Sociais

ANÁLISIS DAFO

Debilidades

Gran volume de traballo que limita a intervención/ atención directa aos/ás nenas/os e rapaces/as
Non existencia de traballo con grupos
Escasa intervención comunitaria
Debido ao volume de traballo deste concello faise máis traballo asistencial e a demanda quedando máis limitada a intervención preventiva ou de promoción de habilidades
Falta de instalacións, tempo e persoal para adicarse a proxectos e programas preventivos específicos para a infancia e adolescencia

Amenazas

Falta de espazos propios para a infancia e adolescencia ou existencia de espazos infrutilizados
Escasa oferta formativa para determinados grupos de idade
Escasa oferta cultural e de lecer de balde e pouca promoción da mesma.
Falta de recursos que faciliten a conciliación laboral e familiar especialmente para as familias vulnerables

Fortalezas

Traballo en equipo (Servizos Sociais, Atención a Inmigrantes, CIM...)
Traballo coordinado/en rede cos demais profesionais e servizos sociais, educativos e de saúde do municipio.
Existencia do Protocolo para o Bo Trato á Infancia
Colaboración constante co Equipo Técnico do Menor e con outros servizos de Protección á infancia (Centro San Aníbal, por exemplo)

Oportunidades

Diversidade sociocultural da infancia e mocidade de Burela
Municipio con recursos e servizos especializados que poidan atender aos nenos/as
Grupo de Participación Local Adolescente creado e en funcionamento.
Tecido asociativo activo e implicado



CONCELLO DE BURELA

MESA TÉCNICA PARA A CONEXIÓN COA INFANCIA E ADOLESCENCIA

*Programa de Integración de Inmigrantes

ANÁLISIS DAFO

Debilidades

Dificultades das familias para a conciliación familiar e laboral.
Descoñecemento das linguas (galego e castelán)
Fracaso escolar frecuente nos/as nenos/as extranxeiros
Pouca implicación familiar en aspectos educativos ou de promoción do lecer
Aduldez precoz, sobre todo en nenas
Colectivos con metas a moi curto prazo
Aspectos culturais moi distintos a veces contrapostos (machismo, embarazos adolescentes...)

Amenazas

Posibilidade de crear guetos sociais
Posibilidade de fomentar discriminación (aínda que sexa discriminación positiva)
Pautas de educación moi distintas dos principios do bo trato.
Ás veces, rexéitanse as accións da administración
Incongruencias en canto á inmigración

Fortalezas

Moita diversidade cultural
Asociacións de inmigrantes
Algún referente de cambio para a mellora

Oportunidades

Aprendizaxe de coñecementos interculturais
Disminución de problemas familiares
Servir de nexos con familiares maiores



CONCELLO DE BURELA

MESA TÉCNICA PARA A CONEXIÓN COA INFANCIA E ADOLESCENCIA

CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER

ANÁLISIS DAFO

Debilidades

- Numerosa poboación procedente de países onde a desigualdade entre mulleres e homes é maior e está normalizada, xerando reparto moi desigual de roles, violencia de xénero...
- Supervivencia do patrón cultural de desigualdade entre mulleres e homes nas seguintes xeracións desta poboación estranxeira.
- Nalgunhas comunidades como a caboverdiana, como modo de consolidación da chegada á etapa adulta as rapazas perseguen ser nais, diminuíndo as súas oportunidades de mellora académica ou laboral sendo moi noviñas.
- Sobrecarga dos Servizos Sociais e do CIM

Amenazas

- Acceso desde idades moi temperás a material pornográfico (a veces como única fonte de ed. sexual) con contidos onde a muller é un obxecto sexual o que xera un incremento de delitos e a procura de prostitución.
- Sexting, sextorsión, grooming e outros delitos de carácter sexual a través de internet, dándose casos todos os anos nos centros educativos do pobo.
- Racismo e falta de aceptación pola poboación autóctona (bulling, acoso sexual) que incide especialmente nas rapazas. Desenvólvese maioritariamente de forma indirecta, sendo moi difícil de detectar. Afecta á integración real e á participación na vida social do pobo.
- Presións familiares e sociais sobre a segunda e terceira xeración de persoas de orixe estranxeira ara a continuidade do modelo desigualitario.

Fortalezas

- Poboación nova, con gañas de facer cousas.
- Riqueza cultural polas diversas procedencias da poboación e o que poden aportar á mesa.
- Existencia dun CIM e duns servizos sociais implicados e coordinados entre si.
- Coincidencia dos intereses entre as concellerías de Igualdade e Servizos Sociais do Concello de Burela.

Oportunidades

- Posibilidade de crear un grupo que poida tomar conciencia das debilidades, ameazas e fortalezas e transmitir ao resto da sociedade burelense as melloras que supoña a acción realizada con motivo desta mesa técnica.
- Posibilidade de utilizar a acción da mesa para conseguir mellor integración e igualdade.



CONCELLO DE BURELA

MESA TÉCNICA PARA A CONEXIÓN COA INFANCIA E ADOLESCENCIA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS

ANÁLISIS DAFO

Debilidades

- Falta de recursos económicos para equipo específico de prevención.
- Falta de tempo e persoal para actividades preventivas con xoves e con familias.
- Limitación de tempo e saturación do servizo.
- Horario pouco compatible co tempo libre dos nenos/as.
- Falta de motivación do persoal para novas formacións.
- Asentamento, comodidade e "burnout" do equipo como tal.

Amenazas

- Limitacións legais para o acceso ao centro a menores de 16 anos (necesaria valoración previa de USM infanto-xuvenil).
- Inestabilidade laboral; dependencia da subvención anual.
- Retribucións precarias respecto a categorías similares noutros servizos (da rede de adicións, do propio concello e de servizos sociosanitarios).
- Falta de apoio económico para poder realizar formación por parte da empresa.

Fortalezas

- Equipo técnico especializado e consolidado, con máis de 10 anos de traballo en común.
- Un membro do equipo con dispoñibilidade para actividades preventivas.
- Oferta e realización de actividades de prevención a nivel educativo (ESO) en Burela.
- Realización de actividades para familias e outras puntuais, a demanda de asociacións e servizos socioeducativos da Mariña.
- Colaboración con FAD e CEFORE . Apoio de recursos externos e confianza no servizo.
- Recoñecemento como centro de referencia por parte dos servizos educativos e sociais externos.
- Servizo privilexiado para a detección de carencias (factores de risco) como o tempo libre non organizado ou escasez de afeccións.
- Servizo no que se detectan menores en situación de risco por trastornos adictivos nalgún proxenitor.

Oportunidades

- Realización de campañas preventivas do consumo de drogas e/ou uso do uso non axeitado da tecnoloxía.
- Posta en marcha de campañas de prevención sociosanitarias: VIH -SIDA en centros educativos e profesionais (farmacias, centros sanitarios, concello, cofradías...)
- Participación en novas actividades formativas e/ou informativas a adolescentes, pais/nais, axentes sociais...
- Posibilidade de formación externa: colexios profesionais, servizos sanitarios, FAD e outros recursos relacionados con adicións.
- Contacto e colaboración con entidades do entorno.
- Oferta de factores de protección: tempo libre organizado, afeccións diversas e positivas.



CONCELLO DE BURELA

MESA TÉCNICA PARA A CONEXIÓN COA INFANCIA E ADOLESCENCIA

GAIA

ANÁLISIS DAFO

Debilidades

- Falta de persoal para as actividades do verán.
- Falta de presuposto que limita as actuacións do servizo.
- Falta dun centro de actuacións onde levar a cabo as actividades, sen ter que solicitar locais.
- Trabállase moito máis coa infancia que coa adolescencia.

Amenazas

- Moita responsabilidade.
- Oferta de poucas plazas en relación coa demanda que soe existir.
- Dificultades para realizar cursos formativos.
- Falta de persoal sobretodo durante o verán.

Fortalezas

- As actividades deste servizo están moi ben vaoradas e sempre contamos con moita participación.
- As actividades que se ofertan son variadas.

Oportunidades

- Hai moitas boas ideas pero case nunca se levan a cabo.
- Por falta de planificación e coordinación non se aproveitan ben os medios que se teñen (exemplo: carpa do nadal).



CONCELLO DE BURELA

MESA TÉCNICA PARA A CONEXIÓN COA INFANCIA E ADOLESCENCIA

POLICÍA LOCAL

ANÁLISIS DAFO

Debilidades

- Falta de recursos humanos.
- Falta de motivación no persoal (entre outros, motivado por idade e xubilacións próximas).
- Actividade fundamentalmente reactiva (denuncias de infraccións) en vez de proactiva (concienciación).

Amenazas

- Distanciamiento cos menores.
- Dar imaxe de órgano sancionador.
- Xerar desconfianza.
- Primeira imaxe negativa nos colexio (caos circulatorio, incumplimento das normas...)

Fortalezas

- Traballo na rúa.
- Facilmente accesibles e recoñecibles.
- Competencias moi amplas (menores, violencia de xénero, tráfico, actividades, medioambiente...)

Oportunidades

- Mellorar espazos urbanos e a convivencia entre peatóns e vehículos.
- Concienciar sobre o uso compartido do espazo público.
- Facilitar o coñecemento sobre as normas de circulación especialmente de VMP (campañas).
- Achegar o servizo da policía local aos cidadáns.